



PLAN DE FORMACIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ 2016

ÍNDICE

INTRODUCCION	2
PERSOAS DESTINATARIAS DO PLAN DE FORMACIÓN:	3
INFORMACIÓN ADICIONAL:	3
CURSO 1.- A INTERVENCIÓN PROFESIONAL DOS EQUIPOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ NOS TRASTORNOS DA CONDUTA.	4
CURSO 2.- A ATENCIÓN TEMPERÁ DURANTE O EMBARAZO E NOS PRIMEIROS ANOS DE VIDA. FACTORES DE RISCO E PROTECCIÓN.	6
CURSO 3.-PROCESO DE DETECCIÓN DE TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO	8

INTRODUCCION

O Plan de Formación continua da Rede galega de atención temperá, e concretamente este 2º plan de formación 2016, realízase no marco da normativa, da planificación e dos servizos que están a dispor dos nenos e nenas de entre 0 e 6 anos de idade, que teñen algún trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo, e das súas familias.

O Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, cuxa publicación significou un punto de inflexión na atención temperá na nosa Comunidade Autónoma ao facer realidade un espazo compartido de coordinación e corresponsabilidade entre o sistema de saúde, o sistema educativo e os servizos sociais, no seu artigo 15, encomenda ao Consello Autonómico da Atención Temperá entre outras funcións, a de promover a formación continua en procedementos de coordinación entre os servizos implicados na atención temperá e na especialización dos/as profesionais.

Asemade, o presente Plan de formación en atención temperá -2016, responde ao espírito e a letra, tanto do *“Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá”*, que determina a metodoloxía de traballo dos distintos equipos profesionais, como da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, en materia de atención temperá e de formación dos seus equipos profesionais e, de forma específica responde a liña estratéxica 2 da Axenda da atención temperá en Galicia 2015-2017 e ao seu obxectivo 2.1: *“Promover a realización dun plan anual de formación continua en relación coa atención temperá”*

Por outra parte, as accións formativas do Plan de formación 2016, queren responder ás necesidades e demandas de formación dos recursos humanos da rede de atención temperá, as cales foron formuladas na avaliación do Plan de formación en atención temperá 2015.

O mellor capital da rede está nas persoas que traballan cada día nos servizos de atención temperá, elas son as destinatarias centrais destas accións formativas. Satisfacer as súas demandas de reciclaxe e de formación permanente é o obxectivo xeral do Plan de formación en atención temperá 2016, que vai dirixido a profesionais da administración pública, prioritariamente ás persoas que exercen o seu labor en diversos servizos prestados polas consellerías competentes na materia, nomeadamente os servizos de atención temperá hospitalarios e os servizos de atención temperá financiados pola consellería de Política Social no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e ambos en coordinación coa atención prestada pola consellería de Educación nesta materia.

PERSOAS DESTINATARIAS DO PLAN DE FORMACIÓN:

Persoal empregado público, dependente das Consellerías de; Política Social, Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e persoal empregado nos Servizos Sociais Comunitarios, vinculado á Atención Temperá. De quedar prazas vacantes, poderán participar outros/as profesionais dependentes das administracións mencionadas que interveñan profesionalmente con menores de 0-6 anos de idade.

- Profesionais dos equipos de atención temperá dependentes de; servizos sociais municipais, da Consellería de Política Social e/ou do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo, empregadas/os da Consellería de educación, que interveñan directamente con menores de 0-6 anos, en materia de desenvolvemento persoal.
- Profesionais da rede de escolas infantís públicas de Galicia dependentes das distintas administracións públicas.
- Profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios municipais, preferentemente, profesionais con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

- Ler detidamente os requisitos de admisión das accións formativas.
- Os datos das solicitudes presentadas serán enviadas, para comprobación do posto de traballo, a cada consellería de pertenza das/dos profesionais solicitantes: educación, sanidade e/ou servizos sociais, segundo proceda.
- Procurar, no momento da solicitude, ter coñecemento de poder dispoñer dos días de realización do curso solicitado, para evitar múltiples renuncias por esta causa no momento da concesión de praza.
- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 1.- A INTERVENCIÓN PROFESIONAL DOS EQUIPOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ NOS TRASTORNOS DA CONDUTA.

Segundo as avaliacións dos profesionais da atención temperá, nos últimos anos estase a producir un aumento na demanda das familias relacionada coas condutas dos menores e os trastornos da conduta.

Algúns destes trastornos poden reducirse a determinados comportamento, directamente relacionados co tipo de crianza ou coas características da interacción entre o neno ou nena e o seu medio e non sempre supoñen un trastorno para o seu desenvolvemento normalizado, aínda así a actuación profesional é de suma importancia, polo risco que pode supoñer para o futuro do/a menor un comportamento disfuncional.

Nos casos nos que se diagnostica un trastorno de conduta, baixo comportamentos de aparencia semellante poden detectarse diferentes problemáticas subxacentes; desde situacións asociadas aos conflitos que acompañan ao desenvolvemento normal, ata diversas patoloxías psiquiátricas consolidadas. Igualmente poden aparecer vinculadas a dificultades da aprendizaxe, en áreas concretas ou da aprendizaxe en xeral e a relacións e interaccións conflitivas entre os/as menores e os seus diversos entornos (familiar, escolar , institucional). A diferenciación da complexidade e a diversidade dos diversos motivos, causais ou asociados a estes trastornos, e a identificación dos factores de risco e de protección influíntes, será determinante para decidir as intervencións preventivas ou terapéuticas máis axeitadas.

Nesta acción formativa tratarase de recoñecer as distintas tipoloxías de trastornos de conduta e, ao mesmo tempo, achegar os modelos de intervención mais actuais e que se mostren mais eficientes na intervención con nenos e nenas con este tipo de dificultades

CONTIDOS

- Etioloxía dos distintos trastornos de conduta.

- Conduta, carácter, personalidade e entorno.
- Apego, identificación e educación.
- Xenética, herdanza, temperamento.
- Factores sociais e situacións familiares

- Trastornos da conduta de maior demanda.

- Síntomas e organizacións psíquicas.

- Clasificacións psiquiátricas
- Alteracións da conduta asociadas a outros trastornos clínicos (o concepto de comorbilidade).

- O concepto de TDAH. Trastornos con déficit de atención - hiperactividade

- Comportamentos perturbadores e agresivos.

* Trastorno negativista - desafiante

* Trastorno disocial /antisocial

* Desinhibición agresiva e sexual. Acoso e abuso (bullying)

- Padróns da conduta e trastornos mentais graves. Trastornos do espectro autista- TGD- Psicoses, Trastornos límite da personalidade.

- A culpabilización e a responsabilidade dos proxenitores, educadores e coidadores de menores con trastorno da conduta.

- Consecuencias dos trastornos da conduta dos menores na dinámica familiar. Estratexias de abordaxe.

- A importancia da coordinación na intervención profesional nos casos de trastornos da conduta; coordinación interinstitucional e coordinación intrainstitucional.

DATAS DE REALIZACIÓN: días: 20, 21 y 22 de setembro de 2016.

HORARIO: os días 20 e 21 en horario de mañá e tarde, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00Hs. O día 22 de 9:30 a 14:30 Hs.

LUGAR DE REALIZACIÓN: EGAP- Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

DOCENTE: Dr. Alberto Lasa Zulueta. Psiquiatra. Especialista en saúde mental da infancia e adolescencia. Xefe do Servizo de Psiquiatría e saúde mental infantil e da adolescencia do servizo vasco de Saúde e profesor titular de Psiquiatría da Facultade de Medicina do País Vasco ata 2015. Profesor invitado nas Universidades de Xenebra, Lausana e Padua. Autor de numerosas publicacións en revistas científicas e de varios libros sobre a súa especialidade e en particular sobre Autismo, TDAH y Psicopatoloxía do desenvolvemento. Ten recibido varios premios polas súas publicacións.

SOLICITUDES:

- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 2.- A ATENCIÓN TEMPERÁ DURANTE O EMBARAZO E NOS PRIMEIROS ANOS DE VIDA. FACTORES DE RISCO E PROTECCIÓN.

Debida a incidencia que teñen múltiples factores durante o embarazo, e mesmo antes, no desenvolvemento normalizado dos nenos e nenas, inclúese neste plan de formación en AT 2016, a adquisición de coñecementos sobre un territorio que tamén é biopsicosocial; o campo da prevención .

A interferencia e interdependencia de factores, como a xenética, a alimentación, a exposicións a produtos tóxicos, ruídos, e moitos outros factores físicos e ambientais van ter repercusión na calidade de vida do neonato.

Todo isto xustifica a inclusión desta materia na formación das e dos profesionais que deben traballar con menores de 0-6 anos e as súas familias, sendo que a prevención é un dos piares fundamentais nas políticas públicas de atención temperá de Galicia.

O rol social e comunitario de moitos equipos de atención temperá, permite que teñan unha posición privilexiada no desenvolvemento de proxectos de prevención no seu territorio, tanto de prevención primaria, como secundaria e terciaria.

Neste curso veremos os aspectos que deben considerarse antes e durante a xestación, en relación coa prevención de trastornos do desenvolvemento e a incidencia de cada un deles no desenvolvemento normalizado de nenos e nenas.

CONTIDOS:

- Coidados físicos e psicosociais da embarazada
- Coidado do entorno laboral e doméstico.
- Riscos do recién nacido; risco neurolóxico, sensorial, e risco socio-familiar
- As idades dos proxenitores.
- Os consumos tóxicos.
- O estado emocional da futura nai. Influencia no feto
- Vida antes do nacemento: desenvolvemento e estimulación.
- Implicación da parella ao longo de todo o proceso
- O consello xenético.
- A vinculación afectiva entre proxenitores e o/a fillo/a acabado de nacer.
- O inicio do apego
- Causas que poden dificultar a vinculación afectiva axeitada; separación da nai por necesidades de coidados hospitalarios.
- Evolución do/da bebé nos primeiros meses de vida, parámetros físicos, psíquicos e sensoriais.

- A aplicación práctica do protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional, da rede Galega de Atención Temperá.

DATAS DE REALIZACIÓN: días: 17, 18 e 19 de outubro de 2016.

HORARIO: os días 17 e 18 en horario de mañá e tarde, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00Hs. O día 19 de 9:30 a 14:30 Hs.

DOCENTES:

Dra. Nieves Balado Insunza. Xefa do servizo de pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense(CHUOU) desde xullo de 2014.

Dra. Noemí Conde Lorenzo. Pediatra do Servizo de Pediatría do CHUOU de Ourense

Dra. Esther Alvarez Silvares: Facultativa especialista de área do Servizo de obstetricia e xinecoloxía do CHUOU desde 2005. Desde 2014, xefa de sección de obstetricia do mesmo Hospital.

LUGAR DE REALIZACIÓN: EGAP- Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

SOLICITUDES:

- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 3.-PROCESO DE DETECCIÓN DE TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO

Hai escenarios privilexiados para a detección de trastornos de desenvolvemento ou situacións de alto risco evolutivo na primeira infancia. Moitos de ditos problemas son detectados pola propia familia, outros na escola infantil, nos servizos sociais comunitarios ou na consulta de pediatría.

A familia, e a formación da familia, xoga un papel crucial nos procesos de detección precoz. De igual xeito, cando un neno ou nena asiste á escola infantil, as persoas que están ao seu coidado son axentes decisivos para a mencionada detección precoz.

Calquera alteración ou proceso atípico que poda observarse, debe ser debidamente canalizada para poder ser valorado coa maior prontitude; esta precocidade na intervención será decisiva para a mellor evolución do neno ou nena e, polo tanto, para a súa calidade de vida, no futuro.

En termos xerais, segundo a OMS, os cribados fan referencia aos instrumentos que permiten diferenciar a persoas que probablemente teñan un determinado problema saúde das que non a teñan, de tal xeito que as que dean resultados positivos sexan axeitadamente derivadas para ser diagnosticadas e tratadas.

No ámbito do desenvolvemento aqueles problemas evolutivos ou de socialización que derivan de anomalías con fenotipos moi característicos soen ser detectadas sen especiais dificultades. Sen embargo, hai outras moitas situacións e factores menos visibles e que poden dar lugar igualmente a problemas no desenvolvemento de maior ou menor gravidade nos que unha detección e intervención precoz poden resultar determinantes. Nestes casos o feito de poder contar cunha rede de servizos ben formada e competente na monitorización do desenvolvemento, a valoración das sinais de alerta e a realización, cando proceda, de probas de cribado resulta crucial para facilitar unha atención e intervención precoz.

E por isto que se dedica esta acción formativa a afondar sobre os procesos de monitorización e cribado dos trastornos do desenvolvemento así como sobre as prácticas e instrumentos mais habituais para unha detección eficaz.

CONTIDOS:

- Detección precoz e sistemas de monitorización e cribado no desenvolvemento
- Metodoloxía xeral da monitorización e do cribado.
- Aspectos axiais do desenvolvemento típico. Monitorización, sinais de alarma e factores de risco e protección no ámbito individual, biolóxico, familiar, social e cultural. Vulnerabilidade e resiliencia.
- Instrumentos de cribado: Obxectivos, características, requisitos e tipos. Sensibilidade. Especificidade. Validez. Fiabilidade. Adecuación poboacional e sensibilidade cultural.

- Redes de servizos. A detección precoz no ámbito social, educativo e sanitario. Administración práctica de diversos instrumentos de cribado: PEDS, ASQ, Haizea-Llevant, M-CHAT modificado, etc.
- A participación da familia no proceso de cribado. Consentimento informado e primeira noticia
- O cribado nas distintas etapas do desenvolvemento evolutivo.
- Detección prenatal. Cromosomopatías e anomalías conxénitas e cribado prenatal. Técnicas analíticas. Ultrasonografía. Amniocentesis. Estudos cromosómicos. Outros (xenética, resonancia, etc).
- Detección perinatal. Técnicas de detección e cribado. Exploración. Espectrometría de masas. Cribados toxicolóxicos. Protocolo de cribado de metabolopatías. Fenilcetonuria. Hipotiroidismo e outras enfermidades raras. Protocolo de cribado da hipoacusia
- Detección postnatal. Prematuridade. Factores nutricionais. Sospeitas fenotípicas. Detección precoz de trastornos neuromotores, visuais e auditivos e doutras condicións biolóxicas postnatais con risco evolutivo.

DATAS DE REALIZACIÓN: días: 15, 16 e 17 de novembro de 2016.

HORARIO: os días 15 e 16 en horario de mañá e tarde, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00Hs. O día 17 de 9:30 a 14:30 Hs.

DOCENTES:

- Dr. Jaime Ponte, médico especialista en rehabilitación e Máster en atención temperá. Coordinador das UDIAF do Deza, Salnés e Bergantiños.
- Dra. Marisa Poch. Neuropediatra. Hospital San Millán-San Pedro de Logroño.

LUGAR DE REALIZACIÓN: EGAP- Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

SOLICITUDES:

- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace: <https://egap.xunta.es/matricula/index.php>